

Eu cociño,
ti cociñas?



Espectáculo músico teatral

Duración: 50 Min.

Público: Público Familiar (+3)

Timoteo cambiou o seu kiosco por un restaurante que se chama COKI. Tan preocupado estaba porque os nenos e nenas comeran saudable que abriu un restaurante, e ata ten un blog. As súas receitas teñen ingredientes moi especiais: sorrisos de mamá, empanadillas con amor... digo con xamón; viaxes de papar e xogar, aventuras de piratas... Timoteo di que cociñando podemos percorrer o mundo e facer amigos: I CAN COOK, CAN YOU COOK?

"Eu cociño, ti cociñas?" é a nova montaxe de Mamá Labra, un divertidísimo espectáculo músico-teatral que parte dunha proposta metodolóxica innovadora onde a cociña e a alimentación saudable se converten no medio perfecto para traballar diferentes aspectos curriculares e desenvolver as competencias básicas do alumnado.

Eu cociño, ti cociñas? É tamén un delicioso libro publicado por Galaxia (2017) cheo de receitas e de cancións para que os pequenos e as pequenas da casa nos deleiten cos mellores sabores.



O proxecto Eu cociño, ti cociñas? é unha iniciativa do CEIP de Sigüeiro (Oroso, A Coruña) onde as mestras María Salgado e Pilar Rivas levan a cabo un interesante proxecto escolar cos nenos e nenas de 2º ciclo de Educación Infantil. "Eu cociño, ti cociñas?" conta cun blog onde recollen a diario todas as súas experiencias. Gloria Mosquera e Tomi López levan anos colaborando con este proxecto, aportando as cancións que acompañan o día a día destas nenas, nenos, mestras e familias, e estas son as cancións que compoñen o traballo editado e que formarán parte dun día moi especial. Desta iniciativa xurde o novo espectáculo músico teatral de Mamá Cabra.

FICHA ARTÍSTICA:

Gloria Mosquera: Gitarra e voz

Max Gómez: Batería e Percusión

Harry Price: Violín

Pachi Cruz: Contrabaixo

Luchi Iglesias: Actor

Manolo Dourado: Técnico de son

FICHA TÉCNICA:

Ancho: 6 m

Alto: 4 m

Fondo: 5 m

Son: 2000W

Iluminación: 10000 V

Montaxe: 2h30

Desmontaxe: 1h00



Urdime
PROPOSTAS CULTURAIS

Distribución
T. 981 937 424
M. 619 920 335
distribucion@urdime.net